

A cuadrilla dos 11

Rocio Bonilla



algar

Este é o fogar de Benxamín, o pequeno peixiño vermello.



Benxamín era algo tímido.



Encantáballe comer algas rizas e tiña dous amigos cos que sempre xogaba ao fútbol.



Un día, apareceu aquela cuadrilla.
Ninguén os vira antes polo barrio.
Convidaron a Benxamín a ir con eles. Só a el.



Benxamín sentiuse importante e,
sen pensalo dúas veces,
converteuse no peixe número 11
da cuadrilla.

Era extraordinario formar parte daquela cuadrilla tan abraiante.

Todo o mundo os admiraba e respectaba!

